

O CESGA IMPLEMENTA UN CONTORNO VIRTUAL PARA MELLORAR A CALIDADE DE VIDA DAS FAMILIAS CON PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL

Santiago, 29/01/08.- A área de e-learning do CESGA traballa na implementación dun contorno virtual baseado en Software Libre, dentro do marco do proxecto de investigación "Estudio e análise do impacto da utilización das TIC na atención ás persoas con discapacidade e ás súas familias: Calidade de Vida eO Autoxestión". Este contorno permitirá, entre outras cousas, mellorar tanto a comunicación intrafamiliar como a comunicación entre as familias e o equipo de psicólogos da Universidade de A Coruña. Tamén posibilitará o acceso a información e servizos personalizados de asistencia, consultoría, etc. para as familias con persoas con diversidade funcional. Este proxecto de I+D é cofinanciado pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Xunta de Galicia.

Este proxecto está coordinado pola área de e-learning do CESGA, coa participación da Unidade Clínico Asistencial de Trastornos de Espectro Autista e Xerais do Desenvolvemento da Universidade de A Coruña (UDC), co obxectivo principal de analizar en que medida o emprego axeitado das TIC nas familias con persoas con diversidade funcional contribúe á mellora da calidade de vida dentro do microsistema familiar.

Para acadar este obxectivo, no marco do desenvolvemento do proxecto, dotouse a un grupo de familias con persoas con diversidade funcional de formación, equipamento informático e acceso a Internet de alta velocidade.

Neste intre, o contorno virtual –a través do que se pode acceder da seguinte páxina web <http://diversidade.cesga.es>, está en fase de revisión e mellora tanto por parte dos profesionais da Universidade de A Coruña, como por parte das familias. Este contorno consta de dúas seccións, unha pública á que pode acceder calquera persoa, con información xeral sobre o proxecto, e outra restrinxida á que só poden acceder os participantes nesta iniciativa. Esta última parte está dotada de ferramentas de información e comunicación síncronas –chat de texto, multiaudioconferencia- e asíncronas –foros, taboleiros de novas, etc.- dentro dun contorno de aplicacións orientadas á participación activa e enfocadas aos usuarios finais.

Os vindeiros meses os profesionais da Universidade de A Coruña poñerán en marcha un programa de intervención familiar a través da utilización do contorno virtual. Será a avaliación da utilización que deste contorno se faga a que determine en que medida a utilización axeitada deste tipo de tecnoloxías pode mellorar a calidade de vida destas familias.

Para máis información sobre o proxecto, pónase en contacto con Manuel Gromaz Castro, técnico da Área de e-learning do CESGA (e-learning@cesga.es) ou co coordinador do proxecto na Universidade de A Coruña (Manoel Baña Castro mbcastro@udc.es).